

**A tradución dos galegos á historia celta.  
A presenza de *Leabhar Gabhála* en *Nós***

**Kerry Ann McKevitt**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

McKEVITT, KERRY ANN (2011 [2003]). “A tradución dos galegos á historia celta. A presenza de *Leabhar Gabhála* en *Nós*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 153-167. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1202>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

McKEVITT, KERRY ANN (2003). “A tradución dos galegos á historia celta. A presenza de *Leabhar Gabhála* en *Nós*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 153-167.

\* Edición dispoñíbel desde o 22 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A TRADUCIÓN DOS GALEGOS Á HISTORIA CELTA. A PRESENCIA DE *LEABHAR GABHÁLA* EN NÓS<sup>1</sup>

Kerry Ann McKevitt

*En Galicia a traducción emerxeu de vagar como parte dun programa cultural en revistas como Nós. Investigaban tanto a historia celta como a irlandesa, presentaban escritores irlandeses e a súa literatura e traducían textos literarios diversos. Obras traducidas pertinentes son tres capítulos da obra épica irlandesa, Leabhar Gabhála (The Book of the Conquests of Ireland) que detalla as viaxes dos celtas a Galicia e a súa invasión posterior de Irlanda. Este traballo comenta brevemente o texto orixinal en gaélico e as súas traducións ó inglés, explora en galego a selección da revista dos capítulos da obra épica para a traducción e especula sobre a identidade do traductor e a súa decisión de permanecer anónimo. Este estudio dos capítulos traducidos de Leabha Gabhála demostra cómo influíu este texto na Xeración Nós. Ademais, este traballo ilustra cómo a emerxente cultura galega miraba máis aló das súas fronteiras para atopar non só inspiración artística senón tamén un modelo de lexitimidade nacional, en forma de épica, para poder revalorar a identidade nacional galega.*

*In Galicia, translation slowly emerged as part of a cultural program in journals such as Nós. They investigated both Celtich and Irish history, introduced Irish writers and their literature, and translated various literary texts. Pertinent works translated in is three chapters from the Irish epic, Leabhar Gabhála (The Book of the Conquests of Ireland), which detail the Celts' journeys to Galicia and their subsequent invasion of Ireland. This paper discusses briefly the original text in Gaelic and its translations in English, in Galician explores the journal's selection of the epic's chapters for translation, and speculates on the translator's identity and his decision to remain anonymous. This study of Leabhar Gabhála's translated chapters demonstrates how this text was influential in Xeración Nós. Furthermore, this paper illustrates how the Galician emerging culture looked beyond its frontiers to find not only artistic inspiration but also a model of national legitimacy, in the form of the epic, so that it could re-assess Galician national identity.*

<sup>1</sup> Unha versión anterior deste traballo presentouse no simposio internacional de dous días sobre “Galicia: a Language, a People” (“Galicia: unha lingua, un pobo”) organizado polo Seminario de Estudos Galegos na Universidade de Birmingham, Inglaterra, o 28 de setembro do 2001. Os meus agradecementos ó doutor John Rutherford, Manolo Puga e Craig Patterson polos seus invalorable comentarios e ideas.

Seguindo a tradición de anteriores intelectuais galegos como José Verea y Aguiar, Benito Vicetto, Manuel Murguía e Alfredo Brañas, que reivindicaban establecer vínculos entre Galicia e outras supostas nacións celtas, a Xeración Nós buscaba manter a herdanza da ascendencia celta importando e traducindo literatura irlandesa. Das obras traducidas, a máis crucial para a Xeración Nós na afirmación da súa suposta identidade celta foron tres capítulos da obra épica irlandesa *Leabhar Gabhála*. Este traballo aportará unha visión de conxunto do texto orixinal e da súa tradución ó galego. Examinarei por qué a Xeración Nós optou por traducir eses capítulos e cómo se traduciron. Ademais, falarei do debate sobre a identidade do traductor e estudiarei por qué é importante identificar esta persoa. Examinando a tradución dos capítulos de *Leabhar Gabhála* demostrarei cómo este texto influíu no programa da Xeración Nós de realzar a lingua galega, así como de establecer unha suposta identidade celta e unha relación filial cos irlandeses, entre outros.

[154] *Leabhar Gabhála*, tamén coñecido alternativamente como *The Book of Invasions*, *The Book of Settlement* e *The Book of the Taking of Ireland*, entretrece historia e mitoloxía irlandesas. Mentres que os primeiros académicos irlandeses como Eoin MacNeill e R. A. S. Macalister o consideraban un “importante tratado histórico”, intelectuais recentes, en particular, aqueles asociados á Royal Irish Academy, considérano unha pseudohistoria ou unha historia artificial ou falsificada. Este texto narra a suposta xenealoxía dos ancestros celtas de Irlanda e a historia das diversas conquistas e colonizacións de Irlanda. Comeza coa creación do mundo e continúa relatando as orixes, chegadas, loitas, partidas e mortes dos sucesivos colonizadores de Irlanda. Os capítulos céntranse nos asentamentos de: Cesair, a filla de Noah, que chegou a Irlanda corenta días antes do diluvio, Partholon, Neimhedh, Fir Bolg, Tuatha De Danann e, finalmente, os milesios. Mediante a narración destas viaxes *Leabhar Gabhála* traza a ascendencia destes grupos establecendo vínculos co antigo reino de Israel e combinando a historia dos colonizadores de Irlanda coa dos israelitas como Noé e Moisés. Ó mesmo tempo que o texto imita a Biblia, en particular o Vello Testamento, tamén amosa elementos das obras épicas de Homero e doutros gregos.

Esta obra épica apareceu ó redor de 1630 despois de que Michael O’Clery (Mícel Ó Cléirigh), escribán da orde franciscana e descendente dunha familia de eruditos, recompilara varios manuscritos antigos e reescribira *Leabhar Gabhála* en irlandés. Aínda que hai fragmentos de *Leabhar Gabhála* que tamén aparecen en varios manuscritos e coleccións irlandesas diversas como por exemplo, *Book of Ballymote*, *Book of Lecan* e *Book of Leinster*, o texto ó que os especialistas celtas se refiren con frecuencia e no que basearon traducións posteriores foi o de O’Clery. A primeira tradución inglesa, realizada por MacNeill, un historiador irlandés, e Macalister, un profesor de arqueoloxía celta, publicouse en 1916 baixo o título de *Leabhar Gabhála: The Book of Conquests of Ireland: The Recension of Micheál Ó Cléirigh: Part I*. Menos de vinte anos máis tarde, en 1932, Macalister só revisou a tradución e reeditouna incluíndo unha detallada introducción explicando os manuscritos utilizados na nova tradución e extensas notas a pé de páxina describindo as diferencias textuais. Esta segunda tradución inglesa foi: *Lebor Gabhála Éirenn: The Book of the Taking of Ireland: Parts 1 and 2*.

Destas dúas traducións inglesas do texto básico de O’Clery, a obra de Macalister e MacNeill é a máis relevante para o noso presente estudio pois é dela da que o traductor anónimo esixiu traducir capítulos escollidos ó galego. Antes de examinar as razóns da súa importancia en relación cos capítulos traducidos en *Nós*, explicarei brevemente o contexto da tradución de *Leabhar Gabhála* ó inglés e o seu contido e estrutura. A tradución de

Macalister e MacNeill de 1916 foi un produto integral do propio renacemento literario e cultural de Irlanda. A influencia do romanticismo provocou unha fascinación pola antiga era dos guerreiros, druídas e heroes celtas e iniciou a investigación, primeiro, entre os intelectuais seculares do continente e, posteriormente, entre os propios académicos irlandeses (Hutchinson 1987: 56). Esta comunidade internacional de especialistas celtas promoven, ademais, un interese nos estudos irlandeses logo de nomear a Irlanda como punteira dentro dun grupo de antigas culturas celtas (ibid.: 65). Así, conscientes da popularidade da literatura irlandesa fóra de Irlanda, dedicados a compartir esta riqueza literaria cos seus compatriotas irlandeses e determinados a presentar unha visión da historia irlandesa diferente da aportada polos ingleses, MacNeill e Macalister traduciron *Leabhar Gabhála* tanto para establecer as orixes de Irlanda como para recuperar a antiga literatura irlandesa.

[155] O texto de Macalister e MacNeill presenta a versión orixinal irlandesa e a tradución inglesa unha ó lado da outra para que os lectores cultos tivesen a oportunidade de ler ambas as dúas e comparalas. É interesante apreciar que *Leabhar Gabhála* alterna entre prosa e verso. Segundo Macalister, os versos son o fundamento da épica na súa forma actual, servían como o “depósito común” do que os escritores collían prestado para escribir a prosa (Macalister 1938 [1932]: x). En xeral, os versos recapitulan a prosa anterior. A pesar do estilo repetitivo e, ás veces, molesto da combinación de prosa e verso, MacNeill e Macalister preservan o formato alternante de prosa e verso como se presentaba no manuscrito de O’Clery. Os tradutores tamén engadiron notas a pé de páxina. Sen embargo, as súas notas non fornecen ó lector nin de explicacións de detalles non familiares nin de recursos adicionais que consultar; no canto disto ofrecen solucións alternativas en irlandés e inglés a expresións problemáticas nos versos traducidos. Como máis tarde amosarei neste traballo, o formato de Macalister e MacNeill será proveitoso ó abordar a tradución galega. Agora é hora de fixármonos na presenza de *Leabhar Gabhála* en Galicia.

A tradución emerxeu de vagar en Galicia como parte dun programa cultural durante os 20 e os 30, en principio a través das actividades da Xeración Nós e as Irmandades da Fala, dous grupos políticos e intelectuais que procuraban recuperar e defender a lingua e cultura galegas. Os escritores perseguían os seus intereses fundando e contribuíndo a dúas revistas culturais, *A Nosa Terra* e *Nós*. Estes homes exemplifican o que John Hutchinson acuñou como “nacionalistas culturais”, eran académicos, escritores e xornalistas en cruzada que estableceran grupos e xornais tan informais para “inspirar un amor de comunidade espontáneo nos seus distintos membros educándoos para a súa herdanza común de esplendor e sufrimento” (Hutchinson 1987: 16). A través dos seus escritos a Xeración Nós quería tanto rescatar como recuperar a lingua galega da súa posición inferior en comparación co castelán e crear unha cultura alta e baixa recoñecibles sen dificultade. Antes da publicación de *Leabhar Gabhála* en *Nós*, os textos traducidos foran un elemento especial na revista galega. Malia que escritores de distintos contextos e culturas, incluíndo a irlandesa, a francesa, a armenia, a portuguesa, a italiana, a bengalí e a india, entre outras, se traducían ó galego e se publicaban nestas revistas, os textos traducidos de autores irlandeses eran os máis predominantes. De feito, como os colaboradores de *Nós* querían demostrar a distintividade dos galegos fronte á España castelá e establecer un vínculo común con outra rexión que loitaba pola súa propia identidade nacional e cultural, o tema de Irlanda e o irlandés era unha referencia obrigatoria e ideoloxicamente imperativa.

Por esta razón non é estraño que abunden referencias á obra épica *Leabhar Gabhála* e a un dos seus heroes lendarios, Breoghan, na obra escrita galega. Eduardo Pondal, Ramón

Cabanillas e Manuel Curros Enríquez invocaban con frecuencia a Breoghan na súa poesía se ben Murguía e Vicetto discutían a presenza e o papel de Breoghan e Mil en relación coas influencias celtas na historia galega. Ademais, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950), Vicente Risco (1884-1963) e Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) aludían, nomeaban ou discutían decote sobre a lenda irlandesa nos seus ensaios e libros sobre as conexións entre Irlanda e Galicia.

Dado que xa expliquei as orixes de *Leabhar Gabhála* e a súa presenza en Galicia, é importante que consideremos agora por qué a Xeración Nós seleccionou este texto para a súa tradución. A razón principal da tradución de *Leabhar Gabhála* ten que ver coa necesidade da Xeración Nós de buscar a identidade galega [156] nas orixes míticas (de Toro Santos 2000a: 7). Na Europa dos primeiros anos do século XX, e incluso antes, se unha cultura ou grupo quería ser unha nación, necesitaba unha literatura nacional con raíces que se estendesen cara atrás na historia así como raíces firmemente plantadas no presente (Lefevere 1998: 78). A tradución de James Macpherson da suposta obra épica escocesa, *Ossian*, a creación dos intelectuais finlandeses do mito *Kalevala* e a tradución de Macalister e MacNeill de *Leabhar Gabhála* son exemplos desta necesidade de literatura nacional histórica. Como Anthony D. Smith observa con entusiasmo “porque as nacións necesitan mitos e pasados se queren ter un futuro e tales pasados non se poden forxar da nada nin se poden inventar os mitos que terán resonancia” (1986: 214). Así, cando unha cultura carecía de mitos e literatura nacionais remediaba a súa situación creando e / ou importando e traducindo literatura estranxeira. No caso de Galicia a tradución de capítulos escollidos de *Leabhar Gabhála* supón un exemplo desta necesidade e a súa satisfacción. Traducindo os capítulos nos que os celtas saen de España, ou máis especificamente de Galicia, nos que aparecen alusións a lugares xeográficos e monumentos galegos, como por exemplo a Torre de Hércules e Brigantia, os intelectuais galegos sentíronse parte da historia doutra cultura, unha que excluía a España castelá. Ademais, *Leabhar Gabhála* deulles ós membros da Xeración Nós algo que lles faltaba, representáboas como participantes activos nun mito histórico.

Ó traducir obras literarias apreciadas, como *Leabhar Gabhála*, unha cultura como a de Galicia intentaba lexitimar a lingua vernácula e sacala da periferia; sen embargo, ela estableceu o seu status como lingua do pobo (Brisset 2001 [1996]: 347). O texto traducido cumpría unha misión, garantía tanto a lingua vernácula como a existencia do pobo que a falaba así como a nación (ibid.). Esta tradución aínda revelaba outra misión: a necesidade de establecer unha relación filial coas supostas nacións celtas. Así, a *Leabhar Gabhála* déuselle a tarefa non só de establecer indirectamente o galego como lingua literaria senón tamén a de afirmar a identidade e a nación galegas e a de incluír a Galicia na suposta comunidade celta. Ó avaliar *Leabhar Gabhála* en galego volverei ó tema de cómo a tradución acadou isto.

En 1931, *Nós* publicou tres capítulos da obra épica irlandesa *Leabhar Gabhála* nos números 86, 88, 92 e 95. Estes capítulos incluían o capítulo cuarto que conta da ocupación dos fillos de Mil, o capítulo décimo segundo que relata as viaxes do neto de Breoghan, Golamh, chamado logo Mil de España e o capítulo décimo terceiro, que describe a toma de España e Irlanda polos fillos de Mil. Unha introducción titulada “A historia d’El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o *Leabhar Gabhála*” precede os capítulos traducidos. Que saibamos, ningún escritor da Xeración Nós asinou nin a introducción nin a tradución.

Na introducción o escritor anónimo cita varios especialistas e ofrécelle ó lector poucos comentarios propios. Recoñece primeiro a P. Álvarez Sotelo como o primeiro historiador galego que alude á lenda irlandesa. Logo continúa citando declaracións sobre *Leabhar*

*Gabhála* feitas por Murgía, Rudolf Thurneysen, un catedrático alemán ó que identifica como “un dos máis autorizados celtistas do noso tempo” (*Nós* 86: 23) e Douglas Hyde, un famoso académico e renacentista cultural irlandés. Tales referencias suxiren que o autor quería non só demostrar o valor cultural e literario do texto senón tamén xustificar a inclusión do texto traducido na revista. Recoñecendo a especialistas como Thurneysen e Hyde, o autor confía profundamente na autoridade e na habilidade da comunidade intelectual europea. Tamén dá a entender que a influencia de *Leabhar Gabhála* a través de Europa e os [157] estudos dedicados a el, como puxo de manifesto a investigación doutros, representan unha tentativa erudita na que *Nós* debería participar. Para o escritor, tal tentativa é máis crítica considerando o contido do texto. Isto está xustifico, ademais, polos comentarios do autor nos que explica:

Tendo en conta a importancia considerábele que pra nós ten iste libro, no referente á invasión dos Milesians ou Brigantiños na Irlanda, imos publicar eiquí a versión galeha dos capítulos XI, XII e XIII, que son os que á raza de Breogán se refiren (ibid.).

Aquí atopamos a única explicación directa do autor para traducir o texto. A “considerable importancia” de *Leabhar Gabhála* para os galegos xustifica a súa publicación. A importancia que o texto gaña, atribúese ó feito de que sitúa ós galegos nunha (suposta) historia celta e establece unha conexión ancestral entre os irlandeses e os galegos. Facendo esto o texto, como apuntei antes, incorpora os galegos na comunidade celta, e incluso atlántica, ó tempo que ademais os diferencia e distancia da hispano-castelá e a mediterránea. Máis adiante, o autor continúa concluíndo:

Esta versión está collida da autorizada versión inglesa de Macalister e Mac Neill, que se pode comparar co texto gaélico qu’a acompaña. A qu’ofercemos eiquí ao público galego está feita o mais literal que foi posíbele, e está ademais ben contrastada e comprobada (ibid.).

En comparación con outras introduccións, artigos ou declaracións asociadas con traducións en *Nós*, esta declaración é a máis expresiva e sincera no referente á estratexia de tradución. Antes de que a tradución de *Leabhar Gabhála* aparecese en *Nós*, ningún traductor prometera que un traballo literario traducido para a revista se traducira literalmente. Hase volver sobre se a tradución é literal ou non e esta cuestión analizábase ó falar da presentación dos capítulos en *Nós*. Namentres, paga a pena destacar que o autor evita chamar ós capítulos unha “tradución”. No canto disto, chámaselles unha “versión”. Mentres que algúns poden considerar isto un detalle menor ou un mero tecnicismo, a resistencia do autor e, posiblemente, da revista a identificar os capítulos como unha “tradución” pódese considerar como máis que curiosa cando un se remite ó índice da revista. Aí atopamos dous traballos que se denominan “traducións” e que identifican os seus tradutores<sup>2</sup>. Considerando isto podemos deducir que ou ben o traductor anónimo ou os editores de *Nós* ou ambos intentaron conscientemente minimizar o status dos capítulos como tradución. Ademais, referíndose á tradución como unha “versión”, o traductor anónimo suxire que a lingua é transparente, noutras palabras, que o sentido é transferible dunha cultura e dunha

<sup>2</sup> Os traballos son “Inno alia Galizia, pol-o P. Celestino Garcia Romero” traducido por Guido Batelli e “San Francisco pregrando os paxariños, tradución do Poema de Mosen X. Verdaguer” traducido por Xosé M. Cabada. *Vid. Nós* 86: 21-22 e 27, respectivamente.

lingua a outra. Esta transparencia ten lugar “sin reparar no cambio de significantes, na construción dun contexto semántico diferente a partir de discursos culturais diferentes, [nin] na inscrición dos valores e códigos da lingua receptora en toda interpretación do texto estranxeiro” (Venuti 1995: 60-61). Desta introducción podemos concluír que o traductor anónimo quere non só convencer á súa audiencia da relevancia dos capítulos traducidos para a cultura galega, senón tamén incorporar este mito histórico á literatura galega.

En *Nós*, como apuntei antes, os tres capítulos aparecen en catro números. Mentres o capítulo undécimo esta dividido en dúas partes, os capítulos duodécimo e décimo terceiro aparecen completos. Os capítulos traducidos ó galego seguen moi de preto o formato establecido pola traducción inglesa de Macalister e MacNeill. Se comparamos a traducción galega coa traducción inglesa de 1916, observamos que o traductor galego é rigoroso nos seus métodos de traducción. Como a [158] introducción do traductor suxería, a traducción “está feita o máis literal que foi posíbel” (*Nós* 86: 23). Na súa maior parte o traductor emprega palabras e frases galegas equivalentes ás inglesas para poder ser fiel ó texto de Macalister e MacNeill mentres transmite ó mesmo tempo o seu sentido. Sen embargo, altera a estrutura gramatical do texto inglés para cumprir coa lingua galega e para crear fluidez para o lector galego. Aínda que hai algúns erros que son ou ben o resultado de entender mal o texto ou ben de lelo mal, estes son escasos en número. É importante observar que o traductor converte algúns nomes irlandeses en galegos. Por exemplo, Moses convértese en Moisés, Eber the Black convértese en Eber o Negro e Eber Whiteknee convértese en Eber Gioullobranco. Tamén domestica moitos lugares xeográficos, por exemplo o Red Sea, chamado tanto Mar Vermello como Mar Rubio e Egypt, que se converte en Egipto ou Egypto, entre outros. Ademais, o traductor preserva a estrutura, en particular, as seccións numeradas e a prosa e verso alternos. A diferenza da traducción inglesa, a galega incorpora dez notas a pé de páxina detalladas explicando o contexto histórico e citando traballos especializados adicionais pero ignora e omite as notas a pé de páxina de Macalister e MacNeill que aportaban traduccions e expresións alternativas.

En circunstancias normais, unha traducción tal como esta que pretende ter a intención dun literalismo estrito considerárase como unha traducción estranxeirizante. Sen embargo, é tan literal como é posible con respecto á traducción inglesa, que é un texto mediador, máis que con respecto ó orixinal irlandés. Este feito complica a situación. Se ben non vou facer fíncapé neste feito aquí, deberíamos admitir que as variacións existentes entre a traducción inglesa e o orixinal irlandés e, consecuentemente entre a traducción galega e o orixinal irlandés poderían ser significativas dabondo para alterar e, aínda máis, distorsionar a intención do traductor de ser tan literal como fose posible.

A pesar da estratexia proposta do traductor de producir unha traducción literal, os cambios que se fixeron incluíndo a falta de recoñecemento para o traductor, a inclusión de notas a pé de páxina, as alteracións de títulos, nomes e lugares e a insistencia na fluidez indican que a traducción é esencialmente un exemplo de domesticación. No caso da traducción galega de *Leabhar Gabhála* a invisibilidade do traductor, un termo acuñado por Laurence Venuti, parece ser deliberada. O traductor anónimo manipula a lingua que traduce para crear fluidez, eliminando a maioría das diferenzas culturais e lingüísticas e reescribíndoas, mentres ó mesmo tempo as codifica coas crenzas, valores, obxectos e outras representacións diversas da cultura receptora ou da galega (Venuti 1992: 4-5). Traducindo deste xeito, nega a súa intervención na reescritura do texto estranxeiro e provoca a súa propia aniquilación (ibid.). Como consecuencia, a fluidez borra non só o papel do traductor, senón tamén as orixes cul-

turais do texto traducido. Sen embargo, a estratexia do traductor leva a cabo un “labor de aculturación que domestica o texto estranxeiro facéndoo intelixible e incluso familiar para o lector da lingua receptora”, neste caso un subscritor de *Nós*, “proporcionándolle a el ou a ela a experiencia narcisista de recoñecer a súa propia cultura nun outro cultural” (ibid.).

Traducindo *Leabhar Gabhála*, a estratexia domesticadora do contribuínte anónimo reforza a comunidade imaxinada de Benedict Anderson, especialmente a imaxe da comuñón e do sentido de fraternidade (1996 [1983]: 6-7). Para culturas nacionais emerxentes, como a galega, a tradución domesticadora afirma non só a lingua senón tamén a identidade nacional e cultural. Sen embargo, o narcisismo cultural que se atopa en *Leabhar Gabhála* cumpre un único propósito en relación con Galicia. No contexto dos capítulos traducidos de *Leabhar Gabhála* ó galego, este narcisismo pide un reflectimento mediante o que os membros da Xeración Nós se ven a si mesmos reflectidos nas supostas cultura e xente celtas e, por extensión, na cultura e pobo de Irlanda. Este narcisismo cultural permítelle tanto ó [159] traductor como ó lector imaxinarse como membros da mesma comunidade de loita. De aí que a tradución domesticadora de *Leabhar Gabhála* imaxina non só a nación galega senón tamén a suposta comunidade celta. Xa que examinanos por qué *Nós* elixiu *Leabhar Gabhála* e cómo se traduciu o texto, consideraremos agora quen traduciu este mito histórico irlandés.

A cuestión de quen traduciu *Leabhar Gabhála* é complexa. Dos colaboradores regulares de *Nós*, só uns poucos traduciran previamente obras inglesas e demostraran unha capacidade adecuada en inglés para traducir os capítulos seleccionados. Os escritores capaces desta tarefa incluían a Antón Villar Ponte (1881-1936) que traduciu *Catheleen ni Houlihan* de W. B. Yeats, Risco, que traduciu o poema “To An Isle in the Water” e o relato “Our Lady of the Hills” de Yeats, e Otero que traduciu fragmentos de *Ulysses* de James Joyce, entre outras obras. É importante mencionar tamén que Florentino López Cuevillas (1886-1958), aínda que non traducira para *Nós* no pasado, escribiu extensamente sobre arqueoloxía galega, así como sobre a celta. Xa que Cuevillas estaba familiarizado co traballo de Macalister e demostraba interese por estudos relacionados, debería ser considerado como un posible traductor. Membros da Xeración Nós, académicos e escritores non están de acordo en canto á identidade do traductor, facéndose eco de recordos de conversas pasadas e ofrecendo opinións persoais con respecto ó traductor de *Leabhar Gabhála*. En Galicia hoxe o debate en relación co traductor de *Leabhar Gabhála* concéntrase en Otero e en Risco. Sen embargo, non podemos descualificar outros homes como Villar Ponte e Cuevillas ata que non estudiemos os textos máis detidamente.

En relación coa tradución de *Leabhar Gabhála* determinar a identidade do traductor é importante. Non mencionando o traductor e mantendo a súa invisibilidade, *Nós* minimizaba o status de *Leabhar Gabhála* como tradución e tomábao prestado para os seus propios obxectivos. Neste senso, incorporárono un pouco ás agachadas ó seu repertorio literario, retratándoo como un mito histórico non só para Irlanda senón tamén para Galicia. Intentando determinar a identidade do traductor permíteselles ós capítulos seren reclamados e recoñecidos como fragmentos dun mito histórico irlandés maior. Ademais, identificar o traductor ofrécenos pistas sobre o achegamento do traductor, así como da revista, á tradución e á actitude xeral cara á lingua. Tamén indica qué interesaba ó traductor e qué consideraba importante para continuar e fomentar o nacionalismo galego. De momento, avancemos e consideremos o que algúns escritores concluíron sobre a identidade do traductor.

Nos 50 Xosé Luís Méndez Ferrín<sup>3</sup> estudou na Universidade de Santiago con Otero, ó que cría o traductor. Afirmar que o traductor remata un verso coa mesma palabra coa que comeza o verso seguinte (Salgado e Casado 1989: 219)<sup>4</sup>. Segundo Ferrín, este estilo poético é unha técnica aplicada por Otero. Sen embargo, nin no texto inglés nin no galego hai repetición tal nas partes en verso. É posible que Ferrín identifique incorrectamente o estilo literario do texto traducido co doutro. A pesar disto, insiste en que nin Otero lle dixo que traducira os capítulos para a revista nin outra fonte o informou de que Otero fixera a traducción (ibid.: 255)<sup>5</sup>.

Por outra banda, Álvaro Cunqueiro, un contemporáneo de Risco e Otero así como el mesmo membro da Xeración Nós, conta unha historia diferente. Nun artigo conmemorando o aniversario da revista e as súas contribucións á cultura e lingua galegas, Cunqueiro escribiu que recordaba ter lido os capítulos traducidos de *Leabhar Gabhála* e declaraba que Risco fixera a traducción (*Nós* 145: 31-36)<sup>6</sup>. Se ben non podemos confirmar se Cunqueiro concluíu isto ou se Risco lle confiou a Cunqueiro [160] que el traducira os capítulos trátase de algo que non podemos descartar. Sen embargo, Cunqueiro non está só na súa afirmación. Francisco Fernández del Riego, outro membro da Xeración Nós e amigo íntimo tanto de Risco como de Otero, mantén que Risco lle dixo que traducira *Leabhar Gabhála* (de Toro Santos 2000b: 1).

Nunha re-edición recente da introducción e da traducción nunha serie de libros patrocinada polo Museo do Pobo Galego, os editores e Antonio Raúl de Toro Santos, que redactaron unha introducción xeral ós capítulos, están de acordo con Cunqueiro e con Fernández del Riego. Ambos insisten en que mentres a traducción permaneza anónima, todos os indicios suxiren que Risco foi o responsable<sup>7</sup>. Parece que de Toro Santos basea a súa conclusión no feito de que Risco publicou artigos sobre literatura e escritores irlandeses e que, previamente, traducira un poema e un relato de Yeats en *Nós*. Sen embargo, de Toro Santos non é preciso dabondo no seu argumento. Se confiamos só nestes criterios, abrimos as comportas a todos e cada un dos escritores galegos familiarizados coa traducción de literatura irlandesa

<sup>3</sup> Méndez Ferrín atribúe o seu interese pola literatura celta e irlandesa á súa lectura dos capítulos traducidos de *Leabhar Gabhála*. Ademais, atribúelle ó texto o feito de influenciar no seu propio traballo literario. Sobre a discusión de Méndez Ferrín tocante a este tema, *vid.* Salgado e Casado 1989: 219-220.

<sup>4</sup> Ferrín explica, “Ese poema [<<Roi Xordo>>] escribíno lendo a traducción dun fragmento do *Leabhar Gabhála* que Otero Pedrayo fai na revista *Nós*. Estiven observando como se facían as concatenacións célticas e logo, cando estudiei a épica céltica, vin que terminaba un verso coa mesma palabra coa que comezaba a seguinte, de maneira que se vai producindo un entrelazo, un entrelazo semellante na plástica ó entrelazo celta e ó viquingo; entón dixen eu: ‘aquí podía facer un poema épico galego social e a ver como queda’. En realidade, foi un experimento lingüístico e, para o meu gusto, quedou ben; logo, convencínome de que isto xa non se podía repetir, que había que deixalo así. Non podía ter continuación”. (Salgado e Casado 1989: 219-220).

<sup>5</sup> En resposta á afirmación de Salgado e Casado: “Pero a traducción do *Leabhar Gabhála* que aparece nas páxinas da revista *Nós* non vén asinada por ningún”, Méndez Ferrín afirma, “Pero eu sei que foi Otero Pedrayo; non estou seguro porque o sei: ou ben porque mo dixo el nalgunha ocasión ou ben seino por algunha outra fonte oral.” (Salgado e Casado 1989: 255).

<sup>6</sup> No número de conmemoración de *Nós*, Cunqueiro escribiu, “Quén que non fora eu leía en Mondoñedo a traducción que don Vicente Risco facía do “*Leabhar Gabhála*”? Quén sabía que non fora eu quen es tiñan sido os fillos de Mil, que eu escoitaba falar na Recadreira?” *Vid.* “Agardando ‘Nós’”, *Nós* 145, 1970, pp. 31-32.

<sup>7</sup> Os editores observan: “Aínda que a traducción é anónima, tódolos indicios apuntan a Vicente Risco como responsable da mesma.” *A historia d’El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhála* (Noia: Museo do Pobo Galego, 2000), p. 5. O profesor de Toro Santos tamén apunta: “A simpatía cara a Irlanda, como se observa, é patente nos contidos da revista e aínda que non resulta ningunha novidade, si supón un salto cualitativo. A revista *Nós* é fiel seguidora da corrente celtista que vén do dezanove pero agora lle confire un toque de modernidade. Polo tanto, este é o contexto que explica a publicación en 1931 (nos 86, 88, 92 e 95) de varios capítulos do *Leabhar Gabhála*, tamén coñecido como *Lebor Gabála Erenn* ou *Libro das Invasións*, traducidos ó galego, e que non figuran asinados pero que todo apunta á autoría de Vicente Risco.” de Toro Santos, “Introducción”, pp. 8-9.

e interesados nela. Ademais, nin os editores nin de Toro Santos precisaron cáles son os indicios adicionais que sinalan a Risco como o traductor de *Leabhar Gabhála*.

Entón, ¿a quen cremos? Nun estudio recente, *O nacionalismo kármico de Vicente Risco*, Joaquín Ventura ponse en contra, de forma convincente, da denominación por parte de Ferrín de Risco como fascista e amosa que tal clasificación ten a súa motivación en tendencias políticas básicas e na lealdade a Otero e na crenza de que Risco fora un traidor á Xeración Nós e, a fin de contas, a Galicia<sup>8</sup>. ¿Está Ferrín ou están os outros escritores intentando asignarlle o prestixio da tradución ós seus mentores e amigos? Entón, ¿están baseadas as afirmacións destes homes en recordos fidedignos, lealdades persoais ou meras suposicións? Á parte de confiar en especulacións de individuos ou nunha evidencia circunstancial ¿como podemos determinar quen traduciu os tres capítulos de *Leabhar Gabhála*? Xa que non podemos depender só da conxectura, debemos mirar cara ó propio texto traducido onde a resposta está no escrito, na propia lingua.

Antes de que estudie o estilo escrito do texto traducido, teño que dicir primeiro que non son unha lingüísta. Sen embargo, a pesar disto, penso que a partir da avaliación do texto traducido, en particular, da súa ortografía é posible observar tendencias xerais e a partir diso podemos intentar averiguar a identidade do traductor. Segundo, durante a publicación de *Nós*, non existía galego estándar ou normalizado. Malia que os intelectuais galegos discutían e cambiaban opinións sobre establecer un galego estándar, nunca foi autorizado, como moitos outros proxectos. Por esta razón foi e non é pouco común atopar unha falta de uniformidade e diversas variacións ortográficas entre os autores e dun número a outro en *Nós*. Finalmente, a publicación *Nós* era unha afeccionada en estilo. Como consecuencia, había erros de impresión así como erros humanos que afectaban ó contido dos artigos. Ás veces, os impresores omitían os nomes ou as iniciais dos autores, preparaban títulos que non se correspondían co índice nin co artigo e insertaban erros ortográficos ou outros tipográficos. Durante a composición é posible que os impresores, incapaces de ler a letra dun autor ou de distinguir certas letras doutras imprimiran mal palabras, frases ou oracións. Ademais, tamén é probable que un editor ou corrector, dependendo da súa discreción, optase por estar de acordo coa escritura e impresión de artigos e / ou números. É imposible cuantificar ou identificar todo o que pode dar pé a que apareza un erro desde que un traballo xornalístico ou artístico se remata ata a súa materialización na folla impresa. Isto é certo especialmente nunha cultura (re)emerxente onde a cantidade é tan importante como a calidade.

[161] Tendo en conta todos estes factores, consideremos agora o que se presenta nos capítulos traducidos de *Leabhar Gabhála*. Se analizamos a ortografía do texto traducido, atopamos un patrón moi significativo. O traductor raramente utiliza o “x” no seu escrito<sup>9</sup>. Na súa vez, o traductor escribe decote palabras coa letra “g” ou “j”. Palabras como *geito*, *genro*, *gente*, *ja/já*, *juntos* e *longe* aparecen con frecuencia ó longo dos tres capítulos traducidos. Tamén se atopan outras palabras como *ajuntaron*, *Egypto/Egipto*, *genealogía*, *gioulló*, *jogar*, *jornada*, *julgamento*, *linage*, *lingoage*, *trigésimo*, *viage* e *vigiar*, entre outras. En conxunto, e a pesar dos posibles erros de impresión, un modelo claro faise visible para calquera que lea o *Leabhar Gabhála* galego. Deste texto traducido podemos concluír

<sup>8</sup> Estou en débeda con Craig Patterson por chamarme a atención sobre isto. *Vid.* Ventura 2000.

<sup>9</sup> Na tradución dos capítulos de *Leabhar Gabhála*, aparecen tres palabras coa letra “x”, *despoixas*, *enxoito*, e *xenreira*. Outras dúas palabras que o traductor escribe con “x”: *parexa* e *fuxirdes*, tamén aparecen coas ortografías alternativas: *pareja* e *fugiron*.

que o autor empregou ortografías con “g” e “j” no seu escrito e con frecuencia fuxía de escribir palabras co “x”.

Considerando isto, orientámonos agora cara ós estilos escritos dos candidatos dos que atopamos exemplo en *Nós*. Primeiro empezaremos con Otero. Se avaliamos o seu traballo literario, en especial a súa tradución asinada dos fragmentos de *Ulysses*<sup>10</sup> de James Joyce en *Nós*, observamos inmediatamente que Otero utiliza o “x” e emprégao con frecuencia na súa escrita a diferenza do estilo da tradución de *Leabhar Gabhála* ó galego. Otero tampouco xustifica nunca a súa intención literaria como o tradutor o fai na introducción. Así, contrariamente a Ferrín, creo que esta evidencia demostra que Otero non traduciu *Leabhar Gabhála*.

Segundo, Villar Ponte, como Otero, escribiu constantemente artigos en *Nós* nos que o “x” aparecía e excluía o “g” ou o “j”. Ademais, a súa única tradución en *Nós* *Catheleen ni Houlihan*<sup>11</sup>, corrobora máis isto. Dada esta información, Villar Ponte pode ser eliminado como tradutor potencial.

Por outra banda, o terceiro candidato, Cuevillas resulta ser máis difícil que Otero ou Villar Ponte. Nos seus artigos en *Nós* datados entre 1920 e 1923, Cuevillas empregaba o “x”. Logo, nunha serie titulada “A idade de Ferro na Galiza”<sup>12</sup> e publicada durante 1925 e 1926 tiveron lugar cambios ortográficos no traballo literario de Cuevillas. O “x” desapareceu. Palabras que Cuevillas con anterioridade e frecuencia escribira cunha letra “x” aparecían agora ou ben con “g” ou con “j”. Sen embargo, logo da última entrega da serie, Cuevillas volveu a empregar o “x” en todos os seus artigos. Con excepción da serie arqueolóxica a ortografía de Cuevillas non incluía o “g” e o “j”, en cambio isto reflectía a heteroxénea habitualidade galega durante os anos da Xeración Nós.

Por último, debemos considerar a Risco. En *Nós*, o estilo escrito de Risco nin era consecuente nin fidedigno. Decote fluctuaba entre o emprego da letra “x” e das letras “g” e “j”. Os seus primeiros artigos incluían con frecuencia palabras con “x” máis que “g” ou “j”. Sen embargo, anos máis tarde, os escritos de Risco empezaron a cambiar, incorporou máis o “g” e o “j” nos seus artigos e apenas usaba o “x” como demostrou en “Nós, os inadaptados”<sup>13</sup> e en “Da Alemaña”<sup>14</sup>. Durante os últimos anos dos 20 e os primeiros dos 30, as palabras escritas con “g” e “j” dominaban os artigos de Risco.

Entre Risco e Cuevillas, Risco parece ser o tradutor máis probable. Nos 30, en comparación con Cuevillas, Risco escribe con máis frecuencia as súas palabras tanto co “g” como co “j”. Ademais, palabras como *ja* e *geito* son máis habituais no traballo literario de Risco ó longo dos anos. Ademais, se avaliamos o estilo da introducción apreciamos que o tradutor, como apuntei previamente, escribe a súa introduc-[162]ción baseándose en recompilar e conectar citas de traballos académicos. Tamén defende a publicación do texto na revista. En comparación con outros escritos de *Nós*, esta introducción parécese ó artigo de Risco “Letras irlandesas: W. B. Yeats” no que Risco cita opinións de escritores franceses sobre a poesía de Yeats para xustificar a aparición do poema traducido, “To an Isle in the

<sup>10</sup> Vid. Otero Pedrayo, Ramón, ‘*Ulysses*. Anacos da soadísima novela de James Joyce postos en galego por R.O.P.’ en *Nós* 32: 3-11.

<sup>11</sup> Vid. Villar Ponte, Antón, trad., “*Catheleen ni Houlihan*” de W.B. Yeats en *Nós* 8: 8-13.

<sup>12</sup> Vid. López Cuevillas, Florentino, “A idade de Ferro na Galiza” en *Nós* 19: 2-5, 20: 11-14, 21: 14-15, 22: 7-11, 23: 7-13, 24: 9-12, 25: 13-16, 27: 14-18, 28: 8-9, 29: 10-13, 30: 8-14, 33: 15-18, 34: 9-14 e 35: 9-11.

<sup>13</sup> Vid. Risco, Vicente, “Nós, os inadaptados” en *Nós* 115: 115-23.

<sup>14</sup> Vid. Risco, Vicente, “Da Alemaña” en *Nós* 79:140-44, 81: 179-85, 82: 206-07, 83: 219-27, 86: 28-37, 88: 75-79, 89: 91-93, 92: 144-52, 96: 228-34, 100: 64-65, 102: 108-10, 104: 143-51, 105: 169-74, 206: 188-95, 107: 201-07, 110: 31-37, 111: 52-54, 112: 60-68, 119: 235-41 e 120: 254-59.

Water” (*Nós* 3: 15-16). O traductor tamén insire notas a pé de páxina na súa introducción e traducción. De novo, neste caso o estilo é característico de Risco. Se ben é posible que nunca teñamos evidencia concluínte por parte de Risco, especialmente á luz do feito de que queimou a maioría das súas notas, correspondencia, papeis e libros despois da guerra<sup>15</sup>, creo que os estilos escritos e os detalles ortográficos do texto traducido e doutros artigos de *Nós*, como subliñei aquí, nos permiten conxecturar que Risco efectivamente traduciu *Leabhar Gabhála*.

A menos que saia á luz unha nova evidencia nunca estaremos seguros de que Risco fora o traductor de *Leabhar Gabhála*. Na hipótese de que fose Risco quen traducira os capítulos de *Leabhar Gabhála*, esta fórzanos a preguntar ¿por que Risco, que con frecuencia asinaba os seus escritos, non asinou esta traducción? ¿que o motivou a omitir o seu nome e a negar o seu papel como traductor? Poderíase argumentar que foi un simple erro. Un impresor ou un editor puideron ter esquecido inserir as súas iniciais ou o seu nome. Sen embargo, dado que a traducción aparece en catro números distintos non parece ser isto o que ocorreu. En cambio, a resposta pode estar no desexo de Risco de que Galicia participase nunha historia distinta á da España castelá. Risco recupera o *Leabhar Gabhála* non para abusar del ou prexudicalo senón para imitar e presumir dos supostos antepasados celtas tanto dos galegos como dos irlandeses. Esta esperanza tamén explica a selección de Risco dos tres últimos capítulos de *Leabhar Gabhála* e a decisión de traducilos para lectores galegos. Na estratexia de traducción domesticada aplicada a *Leabhar Gabhála*, Risco e *Nós* polo tanto reunifican a suposta familia celta de galegos e irlandeses, estendendo as fronteiras da comunidade imaxinada. Traducindo e publicando *Leabhar Gabhála* Risco, coa axuda de *Nós*, validou o papel dos galegos na fundación de Irlanda e traduciuunos tanto como os re-escribiu na historia e mitoloxía celtas.

### [163-164: notas a pé de páxina]

<sup>15</sup> Segundo Fernández del Riego, Risco destruíu todos os seus escritos. Sen embargo, John Rutherford díxome que algunha correspondencia e outros escritos de Risco aínda existen e están na Real Academia Galega.

## [165] Referencias Bibliográficas

Anderson, Benedict

1996 [1983] *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism* (Londres: Verso).

Anónimo

1931 “A historia d’El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhala”, *Nós* 86: 23.

Anónimo (trad.)

1931a “*Leabhar Gabhála: Libro das conquistas d’Irlanda: Capído XI: A ocupación dos fillos de Mil (Gabhéil Chloinne Miledh)*”, *Nós* 86: 24-26.

1931b “*Leabhar Gabhála: Libro das conquistas d’Irlanda: Capído XI: A ocupación dos fillos de Mil (Gabhéil Chloinne Miledh)*”, *Nós* 88: 68-74.

1931c “*Leabhar Gabhála: Libro das conquistas d’Irlanda: Capído XII*”, *Nós* 92: 139-44.

1931d “*Leabhar Gabhála: Libro das conquistas d’Irlanda: Capído XIII*”, *Nós* 95: 206-14.

[166] 2000 [1931] *A historia d’El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhála* (Noia: Museo do Pobo Galego).

Brisset, Annie

2001 [1996] “The Search for a Native Language: Translation and Cultural Identity”, traducido por Rosalind Gill e Roger Gannon, en *The Translation Studies Reader*, editado por Lawrence Venuti: 343-75 (Londres e Nova York: Routledge).

Cunqueiro, Álvaro

1970 “Agardando ‘Nós’”, *Nós* 145: 31-32.

Hutchinson, John

1987 *The Dynamics of Cultural Nationalism: The Gaelic Revival and the Creation of the Irish Nation State* (Londres: Allen & Unwin).

Lefevere, André

1998 “The Gates of Analogy: The *Kalevala* in English”, en *Constructing Cultures: Essays on Literary Translation*, editado por Susan Bassnett e André Lefevere: 76-89 (Clevedon, UK: Multilingual Matters Ltd.)

Macalister, R.A. Stewart (ed. e trad.)

1938a [1932] *Lebor Gabála Éirenn: The Book of the Taking of Ireland: Part I* (Dublín: Educational Co. of Ireland).

1938b [1932] *Lebor Gabála Éirenn: The Book of the Taking of Ireland: Part II* (Dublín: Educational Co. of Ireland).

Macalister, R.A. Stewart e John MacNeill (eds. e trad.)

1916 *Leabhar Gabhála: The Book of Conquests of Ireland: The Recension of Micheál Ó Cléirigh: Part I* (Dublín: Hodges, Figgis & Company, Ltd.).

*Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega.*

1991 [1920-1935] edición facsímile, 6 volumes (A Coruña: Xuntanza Editorial).

Risco, Vicente

1920 “Letras irlandesas: W.B. Yeats”, *Nós* 3: 15-16.

Salgado, Xosé M. e Xoán-M. Casado

1989 *X.L. Méndez Ferrín* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

**[167]** Smith, Anthony D.

1986 *The Ethnic Origins of Nations* (Oxford: Basil Blackwell).

Toro Santos, Antonio Raúl de

2000a “Introduction”, en *A historia d’El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhála 2000* [1931]: 7-10 (Noia: Museo do Pobo Galego).

2000b Correspondencia persoal a través do correo electrónico dirixida a Kerry McKevitt, 5 December 2000: 1.

Ventura, Joaquim

2000 *O nacionalismo kármico de Vicente Risco* (Santiago de Compostela: Edicións Laiovento).

Venuti, Lawrence

1992 “Introduction”, en *Rethinking Translation: Discourse, Subjectivity, Ideology*, editado por Lawrence Venuti: 1-17 (Londres e Nova York: Routledge).

1995 *The Translator’s Invisibility: A History of Translation* (Londres e Nova York: Routledge).

1998 *The Scandals of Translation: Towards an Ethics of Difference* (Londres e Nova York: Routledge).